CEIP PORTOFARO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

CEIP PORTOFARO
O Temple (Cambre)
Paseo Templarios, 1 15679
ceip.portofaro@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipportofaro/
Etapas educativas: E. Infantil e E. Primaria
Catálogado con dúas unidades por nivel (total 18) aínda que neste curso 21-22 sufrimos a perda dunha unidade de E. Infantil pola baixada de matrícula no primeiro curso da etapa.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Temple ten na actualidade unha poboación de 9406 habitantes e o municipio 24677 (datos de maio de 2017). O Temple, ao longo destes últimos anos, incrementou espectacularmente a súa poboación debido a súa proximidade a cidade Da Coruña onde é mais cara a vivenda. Isto supuxo un forte incremento de edificación e unha forte densidade nalgúns núcleos ou barrios como a urbanización de A Barcala e O Graxal.Sen embargo nos dous últimos anos vese observando tamén o descenso de natalidade xeralizado en Galicia
A procedencia desta poboación é diversa: parellas novas que proceden da cidade Da Coruña, doutras autonomías, e do estranxeiro.
O nivel cultural dos pais/nais da nosa Comunidade educativa reflíctese nas seguintes porcentaxes (segundo a última enquisa efectuada a este respecto).
Non sabe ler nin escribir 1,55 %
Titulación inferior ao grao medio 28,94 %
Graduado escolar ou equivalente 31,50 %
Bachiller, F.P. 25,29 %
Diplomados 6,35 %
Licenciados 6,26 %
No que fai á diferenciación cultural da poboación por sexos podemos sinalar, que en xeral, nos distintos niveis culturais as taxas por homes e mulleres son bastantes semellantes.
Podemos sinalar, que en xeral, o alumnado procede de familias cun nivel cultural medio/baixo.
Os comportamentos ocupacionais dos habitantes do Temple responden a unha sociedade urbana.
Predominan os traballos no sector secundario, de pouca cualificación profesional, e de servicios.

O centro ten xa unha longa tradición de incorporación e uso das TIC Brevemente indicamos a planificación e escalado da dixitalización do centro realizada maioritariamente cos fondos e medios propios aínda que tamén con achegas da Consellería e doutras institucións:

- *Inicio anos 2000 Inicio proceso de adquisición dos primeiros ordenadores a maiores dos de dotación para secretaría e dirección*

- *Nos anos seguintes complétase unha primeira aula de informática cuns 13 equipos onde se impartían cursos para profesorado e se acudía con alumnado (2 nenos/as por posto)*
- *A seguinte fase foi a dotación dun PC de profesorado para cada aula*
- *Posteriormente fóronse incorporando proxectores e pantallas enrollables ou "veleda" en todas as aulas*
- *O seguinte reto foi o de ter conexión a internet en todas as aulas. Inicialmente conseguiuse mediante unha wifi a base de diferentes puntos de acceso para que houbese acceso desde todo o centro.*
- *Outro fito importante foi conseguir a dotación completa da aula de informática (26 postos) mediante un proxecto que implicou ao centro, ANPA e Fundación Paideia xa que requeriu o recableado completo da mesma ademais da dotacións dos novos postos , proxector e PDI.*
- *Igualmente dotáronse os espazos da Biblioteca e salón de usos múltiples (ximnasio)co equipamento necesario apra poder realizar eventos de maior aforo e que requerisen proxeccións , etc.*
- *A continuación iniciouse paralelamente a progresiva sustitución das pantallas enrollables ou blancas por PDI co cableado de todas as dependencias unha vez que se estableceu un servidor de impresión e datos que permitiu o almacenamento, acceso e impresión de documentos desde calquera punto do centro. Por último chegou a incorporación a EdixGAL e comezo de dotación de monitores interactivos en sustitución das pizarras e proxectores.*

- *A continuación resumimos algunhas das accións de formación e/ou innovación acometidas desde a escola* co apoio do equipo directivo, Consello Escolar, Anpa, Concello de Cambre, Centro de Formación e Recursos, Fundacións, etc:

-Contrato-Programa Supermercado Superfaro: O noso centro, mediante este contrato programa contou cunha aula supermercado moi completa, con produtos de alimentación cunha apariencia real, con prezos, caixa rexistradora, etc. onde asistían nenos e nenas de todo o centro para dar a posibilidade ao alumnado de aplicar e trasladar os contidos adquiridos de competencia matemática a un contexto máis real que se asemelle máis ós aspectos da vida cotiá polo que o factor motivador é maior .

-Participación dun 90% do profesorado no curso 17/18 nun Plan de Formación Permanente do Profesorado no que unha das liñas de actuación foi a iniciación a robótica educativa,

-O centro no seu conxunto ten participado nos últimos cursos en diversas liñas de Formación da Consellería relacionadas coa innovación metodolóxica tanto no ámbito das TIC coma fóra del. Destácanse as seguintes:

- Curso 06/07 Aplicación didáctica da PDI en Infantil e Primaria (Grupo de traballo)

- Curso 09/10 Introdución das TIC na Práctica docente (PFAC)

- Curso 13/14 Elaboración de recursos didácticos para o EDI (Seminario)

- Curso 14/15 Cambio metodolóxico nas TICS (Seminario)

- Bienio 15-17 Programación, desenvolvemento e avaliación competencias clave (PFPP). Neste marco se integrou a actividade formativa de iniciación á robótica arriba comentada).

- Curso 16/17 De xeito non formal un número importante de profesorado participou nunha sesión de presentación de "escornabots" na que se achegou ao funcionamento, montaxe e posibilidades didácticas dos mesmos.

- Curso 16/17: Formación do profesorado no manexo da impresora 3D mercada polo centro.

- Curso 17/18: Participación na convocatoria de Introdución á Robótica Educativa en Primaria partindo dun proxecto xa deseñado e decidido lévalo a cabo en 4º 5º e 6º

- Curso 17/18 PFPP cun grupo de traballo sobre robótica.

- Curso 17-18 Solicitude de participación no 18/19 no Proxecto Edixgal

A nivel individual tamén varios profesores participaron en diferentes accións formativas específicas entre as que se salienta:

-Curso de iniciación á Robótica Educativa realizado polo profesor Antonio Gil Gómez no "Centro Gallego de Robótica Educativa " (A Cañiza) o 24-6- 2017 cunha duración de 5 horas lectivas
-Webinar formativo de LEGO España
-Os alumnos e alumnas de 5º e 6º participaron nos dous últimos cursos nas XIIe XiiI edición de IMATXINA, organizados pola Fundación Escola Rosalíam co asesoramento pedagóxico de AGAPEMA (Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática) que teñen como obxectivos principais: Sacar as matemáticas das aulas e achegalas á sociedade dende un punto de vista manipulativo e participativo;favorecer o uso de materiais didácticos para o tratamento dos programas curriculares; amosar a través destas tarefas que todos os cidadáns poden facer matemáticas, é dicir: argumentar, analizar, decidir, demostrar, descubrir, razoar..

-Participación no concurso LIGAMATS, (concurso entre equipos de Centros de toda Galicia que terán que resolver problemas, xogos e actividades relacionadas cos talleres da exposición de IMATXINA (Pentaminós, Tangrams...).No curso 2015/2016, catro a alumnos e alumnas deste centro obtiveron o segundo premio e no 2016/2017 acadaron o primeiro premio.

-Participación de dous grupos de alumnos no Rebumbio Matemático de AGAPEMA, realizado en A Coruña. Un grupo de sexto chegou a fase final.

-A nivel centro, o C.E.I.P. Portofaro aposta polo uso das novas tecnoloxías contando en todas as aulas con ordenadores, PDI, tablets, portátiles, robots…tamén contamos cunha aula de informática cun ordenador por alumno e unha pequena dotación de tablets na aula de inglés xa que o maior número das que se dispoñia quedaron xa obsoletas..

- O profesorado deste centro é consciente de que a educación en STEM debe estar integrada no currículo desde Educación Infantil ata 6º curso de Educación Primaria, polo que se promove en todas as áreas académicas e nos implicamos en que os nenos e nenas aprendan que as matemáticas e as ciencias son ferramentas necesarias para axudar a identificar problemas, compilar e analizar datos, probar posibles solución e resolver os problemas, Polo anteriormente exposto os nosos alumnos e alumnas realizan actividades de experimentación, investigación tanto na aula como fora dela e asisten a talleres, cursos, museos, etc que promoven ditas actividades.

- Participación na **feira Internacional da Ciencia de Cambre (OpenScience):** Alumnado e profesorado do centro participou nesta feira expoñendo os proxectos de robótica e de Ciencias levados a cabo no centro.

-Participación na **Semana Stem**: programa de inmersión en actividades de carácter científico-tecnolóxico, deseñadas para espertar e/ou aumentar o interese dos participantes nas materias incluídas no acrónimo STEM, termo que fai referencia ás materias científicas, tecnolóxicas, matemáticas e de enxeñaría. Para elo o alumnado de 5º do curso 2019-2020 conviviu nas instalacións de Os Peares realizando tarefas que combinaban pequenas partes de conceptualización teórica cun enfoque eminentemente Maker (aprender facendo) . O obxectivo fundamental era facer que os participantes reflexionen sobre a importancia da ciencia e da tecnoloxía para, deste xeito, afrontar os retos que o noso planeta ten por diante neste momento. Ademais traballáronse outros aspectos fundamentais na mellora doutras competencias básicas.

-Participación no proxecto **Digicraft** da Consellería de Educación e Vodafone. Durante os cursos 2020-2021 e 2021-2022, dúas aulas de 5º e 6º participaron neste proxecto ao ser admitido o centro na convocatoria correspondente. Digicraft é un programa educativo que ten como obxectivo formar a nenos e nenas de entre 6 e 12 anos nas competencias dixitais que lles permitirán desenrolar o seu máximo potencial. Realizáronse distintas actividades relacionadas con programación, circuitos e proxectos STEM, clasificándose no curso 2021-2022 á final autonómica.

- Asistencia ó **I Congreso de Innovación Educativa e Dixital DixInnova** o 10 de maio de 2022. Mestras do centro asistiron a este evento onde participaron en distintos obradoiros e nas Conferencias e mesas redondas que se levaron a cabo.

- Asistencia ó I Congreso de Innovación Educativa e Dixital DixInnova o 11 de maio de 2022. O alumnado de 5ºB foi invitado a dito acto pola súa clasificación na participación na fase final autonómica do **SuperReto DigiCraft 21-22**. Neste evento o alumnado xunto co doutros centros expuseron o seu proxecto, asistiron á gala de premios e ás conferencias que se realizaron

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*
  A realización da versión 1.0 do Plan Dixital do centro permitiu fixar uns obxectivos concretos e un plan de acción para acadalos. As reflexións necesarias tanto para a relaización do selfie como especialmente para a análise DAFO e o plan de acción axudáronnos a facernos conscientes dalgunhas cuestións importantes respecto á dixitalización do ccentro e noutros casos á sistematización doutras que xa coñeciamos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en ralación co Plan Dixital do noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixtal.

O proceso de elaboración do plan Dixital seguiu en todo momento as pautas prazos e consellos emanados das persoas responsables do PFPP (asesoría e coordinación) como do Equipo ADIX. Así iniciouse o proceso fomentando a participación no test de competencia dixital e no selfie e posteriormente o equipo de dinamización constituido con persoal de todos os ciclos e coa presencia de equipo directivo (xefa de estudos e dirección) e igualmente das persas responsables relacionadas coas TIC (coordinadora EDIXGAL, coordinadora TIC)foi discutindo , analizando e elaborando os seguintes documentos (DAFO e plan de acción) dos que periodicamente se informaba ao claustro a través da CCP e equipos docentes ata a elaboración final deste Plan Dixital 1.0 que será sometido a claustro e consello antes do remate do curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura xeral: Rede con conexión cableada Operador moviestar
  Horario non lectivo: V. subida: 89.51; V. baixada: 93.84
  Horario lectivo: V. subida: 89.51; V. baixada: 93.84
  Rede wifi instalada bastante en precario con medios propios 8 puntos de acceso
  Intranet instalada con medios propios cun servidor de impresión e documentos que permitiu mellorar a capacidade de impresión, fotocopiado, escaneado almacenaxe e acceso aos documentos desde calquera dependencia.
  A Rede de voz é a propia da telefonía R con 4 terminais fixos MITEL e un inarámico
  Dispoñemos dun rack completamente desbordado polo número de switches e elementos de electrónica que ten. Carece de laterais e porta e o cableado é imposible de identificar. A día de hoxe segue sen solventarse a incidencia de solicitude de ampliación e escalado de dito rack.

- *Equipamento:ultraportátiles, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.*
  Como equipamento dispoñible (aínda que pendente de inventariado actualizado) indicaremos o seguinte:
  - 1 aula de informática con 26 postos de estudante e un de mestre . PD e proxector

- Proxecto EDIXGAL implementado en 2 aulas de 5º e 2 de 6º de EP
- 14 aulas ordinarias con posto de mestre conectado e dispositivo de proxección .
- Equipos de xestión e administración 1 por posto directivo e 1 para a administrativa. Todos en funcionamento
- 1 Aula de usos múltiples con pantalla e proxector. Portátil mestre a Impresora 3D
- 1 posto de xestión da biblioteca e 2 para uso de alumnado .
- 3 postos na sala de profesorado.
- Dotación de robótica suficiente par atender clases de 12 alumnos/as simultaneamente. Non hai unha clase dotada especificamente. Lego wedo; Mbot e algunha unidade de beebot e escornabot
- Un pequeño número de tablets operativas (10 unidades minimamente actualizadas). Outras tantas obsoletas decaerán no inventario.

- *Servizos dixitais educativos:*
  O centro conta con páxina web que precisa de actualización (incluído como obxectivo deste PD)
  Igualmente Aula Vrtual en funcionamento con necesidade de actualización dalgúns aspectos (por exemplo o repositorio de actividades tamén incluído como obxectivo neste PD)
  Uso doutros servizos como ClassDojo en proceso /estudo de cambio a ferramenta corporativa. Uso de Google Gsuite esencialmente para contas de correo para equipos, departamentos, comedor... e espazo de almacenamento para eles.
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro. Unha empresa privada realiza o mantemento daquelas cuestións máis urxentes e críticas da rede do centro (2 horas por semana),pero varias persoas do centro (Secretaria, coordinadora TIC, director do centro teñen que atender problemas menores e incidencias máis rutinarias)*
- *O centro con Redes sociais en activo (Instagram)*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

***Autoavaliación SELFIE**:*

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	---				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3,4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	4,6				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	----				
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	---				

F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3,9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	---				
H- Competencias	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,1				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	23	73,9
PROVISIONAL	2	3	66,7
INTERINO	1	3	33,3
SUBSTITUTO	3	7	42,9
Outros	1	1	100

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	---	----
A2	15	62,5
B1	6	25
B2	3	12,5
C1		
C2		
TOTAL	24	100,00%

Outras fontes: Observación e práctica diaria

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	C3 O centro conta con infraestrutura e equipamento dixital adecuado na maioría das aulas C2-C8 Existe material informático adquirido polo propio centro para proxectos de innovación, ensino e uso en xeral.•	C14• O centro carece de espazos físicos que faciliten a aprendizaxe con tecnoloxía dixital C7:• Discrepancia sobre a protección de datos e as normas de dereitos de autor . Necesidade de debate
	PERSOAL DOCENTE	C16 Divulgar e fomentar o uso dun repositorio en liña do centro que sexa de acceso e uso doados . E1 Facilidade para buscar recursos educativos en liña. D2 Participación na formación dixital proposta tradicionalmente desde o centro PFPP;	G1-G9 Pouco uso de ferramentas dixitais para a avaliación; D1 Detéctase a necesidade de debate nalgunhas cuestións sobre a tecnoloxía ; E2-E3• Emprego de entornos virtuais e creación de recursos dixitais
	PERSOAL NON DOCENTE	Persoal non docente participativo dentro da comunidade.	
	ALUMNADO	H1: O alumnado amosa moito interés e motivación cando se plantexan actividades baseadas en tecnoloxía ou con ferramentas tecnoloxícas	H1-H3-H4-H10-H11: Discrepancia co alumnado sobre distintos aspectos:H1 comportamento seguro; H3 responsable;H4 competencia na verificación de información; H10 Competencia dixital do alumnado . Necesidade de clarificación sobre a competencia dixital vs xogos, etc. H11 Falta de tempo e formación do profesorado para levar a cabo estratexias que axuden ao alumnado a aprender a programnar e resolver problemas técnicos, G6 Baixa puntuación do alumnado no apartado de avaliación entre o alumnado
	FAMILIAS	E1 • Existen boas canles de comunicación dentro da nosa comunicade educativa. As familias consultan a web do centro para informarse de novas do centro e usan o AbalarMóbil e oiutras apps de mensaxería	
	OFERTA	Centro edixgal e con algunha experiencia anterior en STEAM (Proxectos de robótica e digicraft) Biblioteca en fase de reacondicionamento (experiencia anterior en PLAMBE) Uso de Meiga e préstamo en funcionamento (con adaptacións COVID)	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3 O centro fomenta e ten ferramentas que permiten a autonomía e o uso de novas modalidades de ensino	A1: • Non hai unha estratexia dixital no centro A5: Existe certo descoñecemento en canto aos dereitos de autor e licenzas de uso.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A1 Financiamento necesario para o desenvolvemento dunha estratexia dixital (renovación equipamento)	A1-C3-C8 Problema da obsolescencia do equipamento sen un financiamento adecuado H11 Falta de tempo e formación do profesorado e normativa para desenvolver actividades de programación co alumnado
	LEXISLACIÓN	A nova lexislación aposta un pouco máis polas novas tecnoloxías.	A-D-F-G Cambios lexislativos. A1-F6-H Ratio profesorado/alumnado e posibilidades de desdobres
	CONTORNA	Poboación en xeral familiarizada co ámbito dixital.	Descenso de matrícula
	ANPA	Apoiase no centro educativo á hora de trasmitir e colgar información. Tamén traslada iniciativas	
	OUTRAS ENTIDADES	Aproveitar Iniciativas promovidas por outras	

		entidades especialmente aquelas con convenios cooa administración educativa (por exemplo para debate sobre dereitos de autor e protección de datos)	

3. Plan de Acción

No momento de elaboración deste Plan Dixital (remate do curso 21-22) o centro conta cos recursos humanos e materiais descritos máis arriba e en función deles establécense os obxectivos, indicadores e accións que se detallana continuación no horizonte do vindeiro curso escolar 22-23 sen desbotar outros a medio e longo prazo.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO e unha vez recibidas as suxerencias, correccións e aportacións do equipo ADIX de referencia, reúnese o equipo de dinamización TIC para analizalas novamente e decidir a nova redacción do DAFO.

A continuación e vistos diferentes exemplos de Plans de acción repártense as plantillas dos obxectivos e encárgase a cada membro do equipo a formulación dun obxectivo á vista das debilidades e amenazas do DAFO final e tendo en conta os criterios establecuidos na formación e instruccións previas (indicadores, valores de partida e chegada, temporalización concreta….).

Pasados uns días faise unha posta en común na que:

- Se criban os obxectivos repetidos consensuando a mellor redacción dos mesmos
- Explicítanse aqueloutros aportados por unha soa persoa, consensuando a súa aceptación ou non como obxectivo prioritario e a súa inclusión no Plan de Acción.

Infórmase ao claustro mediante documento compartido editable antes do claustro de aprobación do documento final para ter tempo de emendas e/ou engadidos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dada a situación actual do centro, a implicación do persoal e a traxectoria desta comunidade educativa nos últimos anos consideramos que as necesidades de mellora no que atinxe á infraestrutura tecnolóxica do centro son as que seguen:

- Infraestrutura de datos: Mellora da velocidade de conectividade.

Infraestrutura xeral: Rede con conexión cableada Operador movistar

Horario non lectivo: V. subida: 89.51; V. baixada: 93.84

Horario lectivo: V. subida: ; V. baixada:

Rede wifi instalada bastante en precario con medios propios 8 puntos de acceso

A Rede de voz é a propia da telefonía R con 4 terminais fixos MITEL e un inarámico. Sería interesante dispoñer doutro inarámico no 1º andar

Dispoñemos dun rack completamente desbordado polo número de switches e elementos de electrónica que ten. Carece de laterais e porta e o cableado é imposible de identificar. A día de hoxe segue sen solventarse a incidencia de solicitude de ampliación e escalado de dito rack.

INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA: ESTADO E PROPOSTAS DE MELLORA				
1	Conectividade		Proposta de mellora	finalidade
Infraestrutura de datos	Movistar velocidad subida en h. lectivo	97.52	Aumento da velocidade	Mellora na execución simultánea de
	velocidad baixada en h. lectivo	92.07		

	velocidad subida en h. non lectivo	89,51		programas e actividades online
	velocidad baixada en h. non lectivo	93,84		

INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA: ESTADO E PROPOSTAS DE MELLORA				
2	Voz		Proposta de mellora	finalidade
Infraestrutura de voz	5 fixos		1 inarámico no 1º andar	Facilidade de atención ás familias pola proximidade do terminal
	1 inarámico			

INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA: ESTADO E PROPOSTAS DE MELLORA				
3	Conexións e electrónica de rede		Proposta de mellora	finalidade
Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede	Conexión cableada		Instalación de cableado completo de aulas (agás 4 EDIXGAL) O cableado actual foi feito con medios propios en precario (cables sen canalizar,...)	Estabilidade e mellora xeral da instalación
	Conexión wifi		Substitución dos puntos de acceso wifi	Contamos con puntos de acceso obsoletos e de pouca potencia
	Electrónica de rede		Ampliación do rack central	O actual está completamente desbordado (Está sen portas nin laterais e os cables non son identificables). Xa leva tempo solicitado o escalado

EQUIPAMENTO : ESTADO E PROPOSTAS DE MELLORA			
4	AULAS	Proposta de mellora	finalidade
Aulas dixitalizadas	1 aula de informática con 26 postos	Substitución dun 70 % dos postos de estudantes e o do mestre	Facer operativa e fiable a aula para unha clase completa. Na actualidade contan con S.O linux lixeiro
	14 aulas dixitalizadas	Substitución dos postos de profesorado e o dispositivo d eproxección e interacción cando menos en 10 aulas	Que o equipamento da aula sexa realmente operativo, áxil e con total interactividade
	Electrónica de rede	Ampliación do rack central	O actual está completamente desbordado (Está sen portas nin laterais e os cables non son identificables). Xa leva tempo solicitado o escalado
	1 aula usos múltiples	Dotala como espazo “Polo creativo” previa solicitude de participación neste programa. En caso de non concesión, concentrar igualmente nela o material de que se dispón.	Espazo de referencia para todo tipo de actividade STEAM, creativa

EQUIPAMENTO : ESTADO E PROPOSTAS DE MELLORA			
5	AULAS EDIXGAL	Proposta de mellora	finalidade
Aulas Edixgal	4 aulas EDIXGAL equipadas	Substitución do equipamento de proxección por monitores de nova xeración	Facer máis operativa e áxil a proxección cunha interacción efectiva e fiable.
Postos traballo xestión e administración	4 postos de xestión e administración (3 E. Directivo e 1 administrativa)	Substitución deste equipamento (Aínda que en funcionamento é antigo, pantallas pequenas con problemas co uso da tarxeta criptográfica).	Mellora na xestión administrativa.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": C16. Infraestructura e equipos					
1. OBXECTIVO :	Elaboración de repositorios en liña de acceso e uso doados			Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de actividades volcadas no repositorio				
Valor de partida	Intento previo de repositorio (0 actividades colgadas)				
Valor previsto e data	Alomenos unha actividade por área e nivel		30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Revisar e cribar o repositorio actual	Coordinadores de ciclo	20 Decembro 2022	Profesorado		Realizada Aprazada Pendente
AO1.2: Deseño, realización e ubicación do novo repositorio	Coordinador TIC	30 Abril 2023	Profesorado, Equipo Plan Dixital, Equipo directivo		Realizada Aprazada Pendente
A01.3: Busca, selección e creación de recursos para o repositorio por parte do profesorado	Claustro	20 xuño 2023	Equipamento informático		Realizada Aprazada Pendente

“Área/s de mellora”: C1 Infraestructura e equipos					
1. OBXECTIVO :	Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro			Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados				
Valor de partida	Ningún dispositivo actualizado e/ou renovado				
Valor previsto e data	100% dos dispositivos actualizados e /ou renovados		30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Reorganizar horarios, dispoñibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC.	Equipo directivo, inspección	30 Setembro 2022	Persoa coordinadora		Realizada Aprazada Pendente
AO1.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro	Coordinador TIC	20 decembro 2022	Persoa coordinadora Claustro Parte de incidencias e estado		Realizada Aprazada Pendente
A01.3: Actualizar e/ou propoñer a renovación do equipamento dixital	Coordinador TIC	20 decembro 23	Persoa coordinadora		Realizada Aprazada Pendente

"Área/s de mellora": D: Desenvolvemento profesional continuo / H : Competencias dixitais do alumnado			
1. OBXECTIVO :	Recoñecer usos inapropiados na rede e cambialos por outros seguros e respectuosos cos dereitos de autor	Acadado	
RESPONSABLE:	coordinador TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesión en 5º e 6º adicadas á seguridade e privacidade e dereitos de autor		
Valor de partida	0 sesións planificadas no momento actual		
Valor previsto e data	1 sesión por trimestre en 5º e 6º	30-06-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitude de formación do profesorado e alumnado	Equipo directivo Equipo TIC	1º trimestre curso 22-23 20 decembro 2022	CEFORE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Sesións trimestrais de formación para o profesorado e alumnado	Consellería	20 xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS

1. OBXECTIVO :	Habilitar e crear espazos no centro que faciliten a aprendizaxe con tecnoloxía dixital	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo directivo	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de espazos habilitados		
Valor de partida	1 = aula de informática		
Valor previsto e data	2 espazos = aula **POR**to**FA**ro **ENRED**a	30-06-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Debatir no equipo TIC as posibilidades de habilitación de espazos	Equipo directivo Equipo TIC	30 setembro 22	Disponibilidade horaria		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO1.2: Aprobar nos órganos correspondentes a habilitación deste espazo	Equipo directivo Equipo TIC	30 setembro 22				
A01.3: Habilitar e dotar o espazo	Equipo directivo Equipo TIC	20 Decembro 22			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A01.4: Elaborar horario	Equipo directivo Equipo TIC	20 Decembro 22			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

"Área/s de mellora": H: Competencias dixitais do alumnado			
1. OBXECTIVO :	Mellorar aspectos concretos da competencia dixital do alumnado	Acadado	
RESPONSABLE:	coordinador TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Ser quen de solucionar nunha sesión problemas dixitais en 5º (cortar, pegar, gardar documentos, verificar información)		
Valor de partida	10%		
Valor previsto e data	90% soluciona 4 de cada 5 tarefas	30-06-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Planificar no horario de 4º unha sesión mensual para a aula de informática	Equipo TIC	Último trimestre 20 xuño 23	Aula de informática Horario dispoñoble da persoa que dará a sesión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Seguimento trimestral e continuidade nas titorías	titores	Último trimestre 20 xuño 23	Titores Aula de informática Horario dispoñible		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Accións específicas:	Titores Equipo TIC	20 Decembro 23	Aula de informática Aulas de 5º		Realizada	
					Aprazada	

- **Marzo: iniación ao procesador de textos e teclado** - **Abril/maio: búsqueda de información,**					**Pendente**	

"Área/s de mellora": E Pedagoxía, apoio e recursos. Comunicación coa comunidade educativa					
1. OBXECTIVO :	Actualización da páxina web do centro			**Acadado**	
RESPONSABLE:	coordinador TIC			**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cambio da web do centro				
Valor de partida	Web actual				
Valor previsto e data	Web renovada		1-09-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
				SEGUIMENTO DA ACCIÓN	

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Definir os menús e contidos	Equipo TIC	30 Setembro 23	Apoio asesor Abalar Dispoñiblidade horaria		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realizar a migración á nova web	Equipo TIC	30 Setembro 23	Apoio asesor Abalar Dispoñiblidade horaria		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:					**Realizada**	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan será o de reunións mensuais do equipo TIC analizando o grao de consecución dos obxectivos indicados no Plan de acción a partir dos indicadores nel incluídos.
- Trimestralmente na CCP correspondente farase a avaliación do proceso de cada trimestre incluíndo o estado da excución das accións propostas, a valoración dos resultados parciais e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas d emellora.
*- Farase unha **avaliación final** incluindo a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

O Plan, unha vez aprobado en Claustro e Consello , aparecerá en lugar destacado na Páxina web, e farase referencia a el nos documentos organizativos cos que teña relación: PXA, NOF, etc